

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM.:427/2023, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN, E SE FIXA O DÍA PARA O EXAME DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO SOBRE “ÚNICO” E RELATIVA Á DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA.

De acordo co prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria para a contratación do servizo de desbroce mecanizado do Concello de Meira, e unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas.

De acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola lei 11/1999, de 21 de abril, polo presente,

RESOLVO:

Primeiro: que segundo o disposto no punto 18.- dos pregos de cláusulas administrativas, procede nomear aos membros da mesa de contratación que estará integrada por:

- Presidente/a: Agustín Méndez Moirón (concelleiro deste Concello)
- Vogais:
 - Pilar Rozas Alonso (secretaria-interventora accidental deste concello)
 - Manuel Carramal Silva (funcionario de administración local)
 - Antonio Castro Rodríguez (persoal laboral deste concello)
- Secretario: Mercedes Fernández Moirón (funcionaria deste concello)

A mesa de contratación non poderá actuar ou constituirse sin a presenza polo menos da metade dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

A mesa de contratación actuará de acordo aos pregos de cláusulas administrativas que rexerán a convocatoria, quedando facultada para resolver cantas cuestión se susciten na súa interpretación.

Segundo: publicar a composición da mesa de contratación no taboleiro de anuncios, páxina web do concello e no perfil do contratante.

Tercero: de acordo con punto 19. dos pregos, a mesa de contratación reunirse o día 24 de xullo de 2023 ás **9:00 horas no Concello de Meira** para o exame da documentación administrativa.



A mesa de contratación unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección fixados nos pregos, con pronunciamento expreso sobre as licitadoras ou licitadores admitidos, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

Fixarase o día e hora de apertura das propostas relativas e criterios económicos, en sesión pública, previamente anunciado na páxina web, perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do concello.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, ante min a secretaria accidental que dou fe.

Meira, 20 de xullo de 2023
A secretaria accidental
Pilar Rozas Alonso

O alcalde
Antonio de Dios Álvarez

Documento asinado electrónicamente

